

A Coruña, 15 de decembro de 2025

Dará servizo ás principais especialidades médicas e cirúrxicas

O Hospital HM Modelo poñerá en marcha a principios de 2026 unha nova Unidade de Cirurxía Maior Ambulatoria

- Cunha superficie de máis de 855 metros cadrados, contará cunha sala de reanimación, 3 quirófanos, 1 sala híbrida (quirófano e hemodinámica) e 9 habitacións completas con baño e telemetría
- Grazas a esta iniciativa ampliarase a oferta asistencial ao sumar catro novos quirófanos aos 11 actuais

HM Hospitales poñerá en marcha nos próximos meses un novo bloque de Cirurxía Maior Ambulatoria (CMA) con área cirúrxica e de hospitalización no Hospital HM Modelo, un investimento estratéxico que supón un paso máis no compromiso do Grupo con Galicia, onde opera desde hai case doce anos.

O recente traslado da inmensa maioría das consultas externas ao novo Policlínico HM Ronda de Nelle permitiu abordar este proxecto que ocupará unha planta completa do hospital coruñés. “Esta iniciativa fainos especial ilusión, pois se trata dunha aposta de futuro que sitúa de novo ao Hospital HM Modelo nun lugar de referencia no panorama sanitario desta comunidade”, subliñou a directora médica de HM Hospitales na Coruña, a Dra. Paula Martínez Espada, quen destacou ademais, que “toda a formulación fíxose da man do equipo médico, atendendo ás súas necesidades e requirimentos, co obxectivo de conseguir a mellor Unidade de Cirurxía Maior Ambulatoria”.

O bloque cirúrxico contará con luz natural ao estar situado en torno ao patio central acristalado que estrutura as plantas da parte máis moderna do Hospital HM Modelo. Ocupará unha superficie de máis de 855 metros cadrados, nos que se distribuirán unha sala de reanimación, 3 quirófanos, 1 sala híbrida (quirófano e hemodinámica) e 9 habitacións completas con baño e telemetría, ademais das dependencias de apoio necesarias.

Esta iniciativa supoñerá a ampliación da oferta asistencial ao sumar 4 novos quirófanos aos 11 actuais, que quedarán reservados para aquelas cirurxías maiores que requiran ingreso hospitalario.

En canto ás especialidades médicas que poderán beneficiarse das novas instalacións, cabe destacar dermatoloxía, anestesia e reanimación, angiología vascu-

lar, hemodinámica, cirurxía xeral e dixestiva, cirurxía maxilofacial, cirurxía ortopédica e traumatoloxía, cirurxía plástica e reparadora, cirurxía estética, neurocirurxía, oftalmoloxía, otorrinolaringoloxía, uroloxía e anatomía patolóxica.

HM Hospitales

HM Hospitales é o Grupo hospitalario privado de referencia a nivel nacional, baseando a súa oferta na excelencia asistencial sumada á investigación, a docencia, a constante innovación tecnolóxica e a publicación de resultados.

Dirixido por médicos e con capital 100% español, conta na actualidade con 7.500 traballadores laborais que concentran os seus esforzos en ofrecer unha medicina de calidade e innovadora centrada no coidado da saúde e o benestar dos seus pacientes e familiares.

HM Hospitales está formado por 54 centros asistenciais: 23 hospitais, 3 centros integrais de alta especialización en Oncoloxía, Cardioloxía, Neurociencias, 5 centros especializados en Medicina da Reprodución, Saúde Ocular, Saúde Bucodental, Medicina Estética e Cirurxía Plástica e Prevención Precoz Personalizada ademais de 23 policlínicos. Todos eles traballan de maneira coordinada para ofrecer unha xestión integral das necesidades de saúde dos seus pacientes.

Actualmente, HM Hospitales en Galicia dispón de 4 hospitais con máis de 250 camas e 23 quirófanos que responden a todas as especialidades médicas e cirúrxicas, e conta coa máis avanzada tecnoloxía de diagnóstico por imaxe. Destacan a UCI de adultos e neonatal, os servizos de urxencias 24 horas e urxencias pediátricas, a medicina nuclear e HM Fertility Center, entre outros. Estes recursos veñen sumarse aos do resto do grupo no conxunto de España, todos eles coa maior cualificación técnica e humana.

Departamento de Comunicación HM Hospitales

Irene Montero Díaz



981 21 66 77



647 56 48 65



irenemontero@octo.es



www.hmhospitales.com